



«AGRESIÓN OFF, EU DIGO NON Á VIOLENCIA SEXUAL»

Como parte de las estrategias a desarrollar en el marco de esta campaña se incluye la presencia de stands en los distintos festivales desde los que se distribuye distinto material informativo como el Decálogo contra la violencia sexual: diez cosas que tienes que saber. Este decálogo también figura en la App de «Agresión Off» puesta en marcha en agosto del año pasado. El decálogo recoge las siguientes indicaciones:

Decálogo

Las agresiones sexuales son un delito recogido en el Código Penal.

Nada justifica una agresión: ni la forma de vestir, ni la exhibición del cuerpo. Tienes derecho a divertirte sin ser importunado/a o agredido/a.

Tienes derecho a pasarlo bien y disfrutar en libertad y con seguridad. La calle, la noche y las fiestas también son de las mujeres.

Sin consentimiento no es una relación, es una agresión.

El consentimiento no es ilimitado y existe el derecho de repensarlo y a no seguir. NO ES NO!

Bajo la influencia del alcohol y de otras sustancias sigue existiendo el derecho a decir no y si no hay un sí es un no, sin que haya otra interpretación.

Insistir cuando te rechazan es acosar. No te pongas pesado/a.

Si necesitas ayuda frente a una agresión llama al 112 Emergencias.

Si presencias una agresión sexista no la permitas, llama y denuncia.

Recuerda que si sufres una agresión sexual, sea en las circunstancias que sea no te sientas culpable porque la responsabilidad es siempre de quien agrede.

Consejos prácticos

Además del decálogo la App contiene consejos prácticos de cómo actuar ante posibles situaciones de riesgos y un directorio de lugares donde acudir a pedir ayuda, así como teléfonos de información.

<http://igualdade.xunta.gal/es/recursos/app-de-agresion#:~:text=Agresi%C3%B3n%20OFF%20es%20una%20App,para%20mayor%20apoyo%20e%20informaci%C3%B3n.>



GIRL STEM, DERRUBANDO ESTEREOTIPOS

Un ano máis a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) organiza, en colaboración coa Asociación Galega de Software Libre (Agasol), o programa GIRL STEM, DERRUBANDO ESTEREOTIPOS, que ten como finalidade fomentar as carreiras STEM entre a rapazada, especialmente entre as mozas.


A intención deste programa é a de amosar, a través de video-entrevistas a mulleres referentes de recoñecido prestixio nos ámbitos STEM, as súas experiencias e traxectorias, contribuíndo a derrubar estereotipos.

Debido ás excepciónais circunstancias deste ano académico, consideramos que pode ser de utilidade para o profesorado galego contar con recursos audiovisuais e de aula atractivos que poidan ser utilizados tanto de xeito presencial como virtual na Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e Bacharelato.



O alumnado da ESO traballa coas persoas titoras as fichas de cada unha das seguintes mulleres

1.Rocio Martínez Núñez



Estudou Bioloxía na Universidade Complutense de Madrid, seguida dun doutoramento en Bioloxía Molecular e Inmunoloxía na Universidade de Southampton. Actualmente é profesora e investigadora no King's College London na especialidade de regulación do ácido ribonucleico (ARN) en inflamación, enfermidades inflamatorias e, en especial, Asma e infeccións respiratorias. Na crise do COVID-19 conseguiu traer a España uns super-robots capaces de facer test PCR masivos. Tamén ten interese na área do Big Data.

2. Gisela Vaquero



Traballou na industria dos videoxogos durante máis de cinco anos. É licenciada en Comunicación Audiovisual, en Publicidade e Relacións Públicas e especializada en deseño e guión de videoxogos. É fundadora de Jellyworld Interactive, una compañía que busca mellorar a igualdade de xénero mediante os videoxogos; e Presidenta da Asociación Women in Games España (WIGES).



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Avda. de San Sadurniño 19
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es

3. Ficha de Dhaunae de Vir STEM.



Dhaunae naceu nos Ancares, pero actualmente reside entre Estocolmo, Madrid e Londres traballando como desenvolvedora de negocio de proxectos transmedia para unha empresa de videoxogos. Á parte da vertente de negocio, a súa experiencia no transmedia abrangue deseño, produción e tradución de videoxogos, series, sitios web, xogos de rol e outros formatos a varias linguas. Produciu proxectos exitosos na industria cinematográfica, obtendo numerosos premios internacionais, incluíndo un premio BAFTA New Talent. O seu primeiro proxecto profesional na industria dos xogos de rol converteuse no segundo proxecto máis financiado en España en todas as industrias. Dhaunae tamén traballou e segue traballando na industria dos eventos e os videoxogos.

Ela foi a fundadora e xerente de Biblioteca Oscura ata que foi reclutada por White Wolf Entertainment. Na actualidade, Dhaunae é a súa Directora de Desenvolvemento de Negocio. Dhaunae é unha evanxalista da marca (brand evangelist), unha embaixadora dos videoxogos dende a escola primaria ata a universidade, e unha consultora de eSports.



4. Ficha de Amparo Alonso Betanzos_STEM



Nada en Vigo en 1961 é una Enxeñeira Química española, investigadora en intelixencia artificial. Catedrática e coordinadora do grupo de investigación LIDIA (Laboratorio de I+D en Intelixencia Artificial) no departamento de Ciencias da Computación da facultade de informática da Universidade da Coruña. Tamén segue o seu labor investigador no Colexio Médico de Georgia (EEUU) e no departamento de Física Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela. Foi a primeira española en recibir o premio internacional L'Oréal-UNESCO For Women in Science

5. Ficha de Susana Martínez-Conde_STEM



Nada na Coruña en 1969 é unha científica neuronal galega. É Catedrática de Oftalmoloxía, Neuroloxía, Fisioloxía e Farmacoloxía; e Directora do Laboratorio de Neurociencia Integrada, na Universidade do Estado de Nova York (SUNY). Realizou os seus estudos de doutoramento en Medicina na Universidade de Santiago de Compostela, para a continuación trasladarse aos EEUU a traballar xunto ao Premio Nobel David Hubel, na Universidade de Harvard. Actualmente é profesora de Oftalmoloxía, Neuroloxía, Fisioloxía e Farmacoloxía na



Universidade Estatal de Nova York, no Centro Médico SUNY Downstate, onde dirixe o Laboratorio de Neurociencia Integrativa. Anteriormente foi instrutora de Neurobioloxía en Harvard, e despois dirixiu laboratorios no University College London, no Reino Unido; e no Instituto Neurolóxico Barrow, en Arizona. O seu programa de investigación actual céntrase na neurociencia cognitiva, perceptual e oculomotora. Entre as distincións recibidas pola Dra. Martínez-Conde atópase o premio internacional EyeTrack Award, polos seus estudos con pacientes de Parkinson, o Empire Innovator Award outorgado polo Estado de Nova York, e o Premio 100 Españoles.

6. Ficha de Rebeca Atencia STEM



Nada en Ferrol, estudou veterinaria na Universidade Complutense de Madrid. Traballou no centro de reprodución Help Congo onde coñeceu a Jane Goodall e dende 2012 dirixe o seu centro de rehabilitación de chimpancés de Tchimpouga. O Concello de Ferrol concedeulle o Premio 8 de marzo no ano 2019 en recoñecemento pola súa traxectoria profesional.



7. Ficha de Begoña Vila_STEM



Nada en Vigo en 1963, esta enxeñeira e astrofísica galega está especializada no estudio de galaxias espirais. Estudou nas Universidades de Santiago de Compostela e Manchester, onde se doutorou, así como no Instituto de Astrofísica de Canarias. No 2016 recibiu o Premio “Logro Público Excepcional” da NASA e ao ano seguinte obtivo o Premio da Xunta de Galicia pola Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, “María Josefa Wonenburger Planells”. O seu percorrido profesional abrangue dende a Axencia Espacial Canadense ata a NASA, onde traballa desde 2013, como encargada do sensor FGS (Fine Guidance Sensor) do telescopio espacial James Webb, cuxo deseño e construción liderou en Canadá nunha empresa baixo a dirección da Axencia Espacial Canadense. Tamén forma parte da asociación ECUSA-DC, que xunta as científicas españolas das áreas de Washington DC, Maryland e Virxinia.

EXPOSICIÓN 25 DE NOVEMBRO DÍA DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO

A exposición sobre o 25 de novembro a podedes atopar na páxina web do centro aloxada no seguinte enlace:

<http://bibliatios.blogspot.com/2020/11/exposicion-25-de-novembro-dia-da-non.html>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 19
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es